



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE LABORAL TEMPORAL, DE TRES (3) POSTOS DE OPERARIO/A. PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2026

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de **concurso-oposición**, en réxime de dereito laboral temporal, de **3 postos de PEÓNS/AS (GP10)** do Concello de Muxía, cunha duración de 6 meses. Estas contratacións están subvencionadas pola Deputación da Coruña ao abeiro do programa **PEL-Concellos/2026**

As tarefas a realizar serán as relacionadas cos servizos básicos e esenciais municipais: iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga, rede de sumidoiros, pavimentación e mantemento de edificios de titularidade pública.

SEGUNDA.-DURACIÓN, TIPO DE CONTRATO E FUNCÍONS DO POSTO.

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas serán na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 505), cunha xornada laboral a tempo parcial, por un período de duración de 6 meses, desde a sinatura do contrato, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

A duración do contrato non poderá exceder do 31.12.2026.

A distribución da xornada adaptarse ás necesidades do servizo, podendo ser en horario de mañá e/ou tarde, e de luns a domingo.

Características do posto:

Número de postos:3 (Tres)

Clase: persoal laboral temporal

Grupo de cotización: 10

Xornada: parcial (80%)

Nivel de titulación: non esixido

Denominación do posto: operario/a de servizos múltiples

Duración máx.: 6 meses

TERCEIRA.- REQUISITOS

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos de acceso:

1. Requisitos de carácter xeral

- a) Ter nacionalidades española, ser prexuízo do disposto no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñan no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.

2. Requisito sobre o coñecemento da lingua galega

As persoas candidatas deberán estar en posesión do nivel de CELGA 1 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate da fase de oposición do proceso selectivo. A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, conforme ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 e na Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega). En todo caso, e conforme ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega ou estar en condicións de facelo, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da Lingua Galega, segundo o previsto nestas bases, que se cualificará como apto ou non apto.

3. Requisitos de carácter específico

As persoas candidatas deben atoparse en situación de desemprego e estar inscritas como demandantes de emprego. Ademais, segundo a bases 4.2. do programa PEL-Concellos 2026, deberase pertencer a algún dos seguintes colectivos:

- a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b. Maiores de 45 anos.
- c. Menores de 30 anos
- d. Parados de longa duración. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. Achegarase informe de períodos de inscrición.
- e. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Acreditarase mediante certificado de discapacidade, expedido polo órgano competente.

- f. Persoas desfavorecidas que estean nalguna das seguintes situacións (acreditarse mediante informe dos servizos sociais municipais):
- Persoas en situación de drogodependencia.
 - Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - Persoas con fogar monoparental.
 - Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - Persoas sen fogar.
 - Persoas vítimas de violencia de xénero. Acreditarase de conformidade co establecido no art. 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro.

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e manterse durante todo o proceso selectivo.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

1.- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 (DEZ) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

2.- As solicitudes, dirixidas ao Alcalde, téñense que axustar ao modelo normalizado de solicitude, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica do Concello ou na forma establecida polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Para ser admitido e tomar parte na convocatoria bastará que os aspirantes manifesten na solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira. Será necesario acreditar xunto coa solicitude:

- Copia do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Copia do certificado de aptitude do Celga 1 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Copia da tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada.
- Documentación acreditativa da concorrencia de algún ou varios dos requisitos específicos.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados

A presentación do candidato/a á proba selectiva implica a aceptación das bases da convocatoria.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución na cal se declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Concederase un prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte a esta publicación para rectificacións, emenda de erros e posibles reclamacións.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas considerarase automaticamente elevada a definitiva se non se presentan reclamacións. Se houberse reclamacións serán estimadas ou desestimadas nunha nova resolución na que se aprobará a lista definitiva, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas estar en posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

Os anuncios relativos ao proceso publicaranse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Muxía

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, determinarase a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición.

O Tribunal estará integrado por un presidente/a, un secretario/a e tres vogais. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do Tribunal deberán de absterse de intervir, notificando á Presidencia, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da devandita Lei.

O tribunal poderá requirir o apoio de asesoramento para a realización das probas.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría terceira (3.ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

SEXTA. PROCESO SELECTIVO.

Efectuarase mediante concurso-oposición libre.

A **FASE DE CONCURSO**, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes. Esta fase non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición, tendo unha **puntuación máxima de 2 puntos** de acordo co seguinte baremo:

BAREMO:

Formación e capacitacións	Puntuación (Máx. 2 puntos)
Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Pública, como por exemplo, obradoiros de emprego, programas de emprego para persoas mozas, programas integrados de emprego, formación para o emprego, cursos AFD, certificados de profesionalidade..., de 40 ou máis horas.	0,50 puntos c/u.
Formación en prevención de riscos laborais de 50 ou máis horas (só se valorará un curso ou acción formativa)	0,5 puntos
Estar en posesión de carné de conducir tipo B	1 punto

Non se valorarán neste apartado titulacións superiores ás esixidas como mínimo nas bases, así como xornadas, simposios e similares.

FASE DE OPOSICIÓN. (Puntuación máxima 8 puntos)

Esta fase selectiva será de carácter obrigatorio e eliminatorio, cunha puntuación máxima de 8 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 4 puntos para superala. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades necesarias para acadar a puntuación mínima.

A fase de oposición estará composta polas seguintes probas:

1. Proba tipo test (4 puntos). Constará de 20 preguntas, que se puntuarán a razón de 0,20 puntos cada unha delas, sen penalización por preguntas non respondidas ou incorrectas, sobre os contidos relacionados no anexo 2.

2. Proba práctica (4 puntos). Consistirá nun máximo de 2 probas prácticas, relacionadas cos contidos no anexo 2. O Tribunal terá plena liberdade en canto a elección das tarefas a realizar na proba práctica coa finalidade de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo, así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma, tendo en conta en todo caso, a destreza con que se



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

desenvolva, a pericia propia do oficio ou labor, a celeridade, a súa aptitude, observación das normas de seguridade e saúde e todos aqueles aspectos relevantes á hora de realización do traballo.

O Tribunal sinalará, antes de iniciarse cada proba, o tempo máximo que poderá destinarse a realización das mesmas, sen que en ningún caso poda exceder de 40 minutos.

PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá a criterio do tribunal, nunha proba oral, unha redacción en galego, unha tradución do galego ao castelán e viceversa e/ou unha proba tipo test, nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes acrediten posuír o título CELGA 1 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, ou equivalente.

A cualificación será de apto ou non apto.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de “apto/a”, e quedan eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

A non presentación ás probas no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Unha vez rematada a fase de oposición e concurso, concederáselles aos aspirantes un prazo de dous días hábiles a efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte a publicación das puntuacións no taboleiro electrónico do Concello de Muxía

No caso de non presentarse alegacións os resultados terán carácter de definitivos.

ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA

A orde de clasificación definitiva dos aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. En caso de empate darase prioridade á maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir a igualdade, resolverase por sorteo.

LISTA DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Rematado o proceso selectivo, o tribunal elevará a proposta de aprobados á Presidencia da corporación, aos efectos da posterior formalización do contrato de traballo como persoal laboral.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

As persoas seleccionadas deberán de presentar no prazo de 2 días hábiles, a partir da publicación do resultado da selección, a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria para ingreso da nómina
- Número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada ou promesa que non foi separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin entidades locais, nin está inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas
- Declaración de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo..

Os aspirantes aprobados que non foran incluídos proposta de designación, pasarán a formar parte dunha listaxe de reservas, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poidan sêlo, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección o resto dos candidatos.

SÉPTIMA.- INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Estas bases, así como cantos actos administrativos deriven da súa execución, están suxeitas ao protocolo municipal de protección de datos de carácter persoal nos procesos de selección de persoal e xestión de listas de contratación. Esta convocatoria de oferta de emprego público é un proceso voluntario e competitivo que esixe transparencia. Por iso é necesaria a publicación das identidades das persoas que participan, así como dos resultados obtidos. O Concello procurará que a exposición dos datos de identificación de persoas e os seus resultados no proceso selectivo cumpra co establecido pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno, e o Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais.

De igual maneira, é un proceso administrativo ao cal as persoas que nel toman parte teñen dereito de acceso. Do desenvolvemento deste dereito hase de entender que a documentación persoal nel achegada (exames, certificacións, méritos...) pode ser accesible para outras persoas aspirantes conforme establezan os procedementos municipais establecidos para o efecto. Coa presentación da solicitude, o Concello de Muxía



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

poderá realizar as consultas e comprobacións necesarias para a xestión do proceso nos rexistros oficiais de titulacións universitarias, titulacións non universitarias, e cantas fagan referencia a requisitos e méritos. Tamén poderá realizar as comprobacións necesarias coas entidades que corresponda en relación coa experiencia profesional acreditada.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Muxía cuxa finalidade é a selección de persoal e a provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Por tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. O tratamento dos datos contidos nela, está baseado no art. 6.1.c e no 6.1.e) “o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento” e “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos”. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados á Deputación Provincial de A Coruña e na páxina web do Concello de Muxía.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou a opoñerse ao tratamento, no caso de que se dean os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, o Concello de Muxía, no enderezo en Rúa Real, 35, 15124 Muxía (A Coruña) ou a través do rexistro electrónico do Concello de Muxía. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@auditat.com

NOVENA. RECURSOS

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ANEXO 1: MODELO INSTANCIA

D/Dona _____ con DNI núm.: _____ con
endereço _____ .C.P _____ Localidade _____ e teléfono de
contacto _____ e e-mail _____

Expón: que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias da **para a provisión, en réxime de laboral temporal, de 3 postos operarios/as PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2026 no Concello de Muxía, e**

Declarando explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas Bases reguladoras da convocatoria e, ase mesmo, declarando non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta xunto á presente:

- 1 Copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia
- 2 Copia da acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (CELGA ou equivalente)
- 3 Tarxeta de demandante de emprego
- 4 Documentación acreditativa das situacións de exclusión.
- 5 Acreditación da discapacidade, de ser o caso
- 6 Documentos que serven de proba para a xustificación dos méritos que se alegan para súa valoración.

Por todo o exposto **SOLICITA:**

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo para a provisión en réxime laboral temporal dos seguintes postos:

___ 3 operarios/as de servizos múltiples xornada parcial



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MUXÍA, con dirección RÚA REAL, 35, 15124 - MUXÍA (A CORUÑA); correo@muxia.es.

1.-Dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE MUXÍA Auditat SL. co que poderá contactar en dpd@auditat.com

2.- Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

3.-Prazo de conservación: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

4.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

5.- Destinatarios de cesións: CONCELLO DE MUXÍA non cederá os seus datos de carácter persoal.

6.- Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Muxía dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@muxia.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Muxía, ___ a _____ de 2026

Asdo.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUXÍA.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ANEXO 2

TEMARIO DE REFERENCIA PARA A FASE DE OPOSICIÓN POSTO DE OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES

- O Termo municipal de Muxía: xeografía, lugares de interese, parroquias, núcleos de poboación e equipamentos municipais.
- Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de servizos múltiples: albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, desbroces e limpeza.
- Manexo de rozadoira manual e de motoserra e de ferramentas de limpeza.
- Tarefas de conservación e mantemento de iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e protección da salubridade pública.
- Coñecementos básicos de normas de seguridade, de hixiene no traballo.